



**Concello de Vigo**  
Secretaría Goberno Local  
Expte. 531/1102

## INSTRUCCIÓN 1/2019, SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL: FUNCIONAMENTO DO REXISTRO ELECTRÓNICO

A aprobación no ano 2015 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común (LPAC) e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público (LRXSP) deseñou un novo modelo de administración que pivota, con carácter básico, no funcionamento electrónico e que require de substanciais transformacións organizativas, tecnolóxicas e culturais no conxunto das administracións públicas, que afectan dun xeito medular ao funcionamento das Unidades de Rexistro, Atención Cidadá (Información) e Arquivo.

Con data 17.01.2018 publicábase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (núm. 12, de 17 de xaneiro de 2019) a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, por medio da que adscribía a Unidade de Rexistro, a Unidade de Atención Cidadá e a Unidade de Arquivo á Unidade de Secretaría de Goberno Local, coas funcións e cometidos que nas ditas Unidades se veñen desenvolvendo conforme co modelo organizativo municipal, e cos medios cos que contan na actualidade.

En relación co **funcionamento do Rexistro municipal**, as dificultades que, para a cidadanía pode representar este novo modelo, caracterizado por unha transformación dixital integral, a introdución de novas dinámicas de funcionamento, a obriga de facilitar a utilización dos medios electrónicos e a transición no funcionamento presencial ao electrónico, implican novos deberes de asistencia no uso de medios electrónicos aos interesados, obriga na que resulta crucial contar cos medios e recursos persoais e materiais axeitados para tal fin. O dito modelo deséñase no artigo 16 LPAC. Determinacións que deben completarse co sinalado no artigo 12 LPAC en relación coas Oficinas de Asistencia en materia de rexistros, que esixirán, nun momento posterior o deseño da mesma sobre a base das actuais Unidades de Rexistro e Atención Cidadá.

O novo modelo de funcionamento das administracións públicas que se vertebra nas citadas normas a través de transformación dixital, contempla as relacións electrónicas da cidadanía coas administracións como un dereito-deber nos termos establecidos no artigo 14 LPAC, distinguindo a posibilidade de elección de canle, presencial ou electrónica, en función de cada suxeito.

Conforme co dito precepto, no seu apartado 1, contéplase o dereito das persoas físicas a ditas relacións electrónicas:

*“1. Las personas físicas podrán elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas. El medio elegido por la persona para comunicarse con las Administraciones Públicas podrá ser modificado por aquella en cualquier momento.”*

Que se completa co deber recollido, para un determinado conxunto de suxeitos en atención á súa configuración, de relacionarse coa administración exclusivamente por vía electrónica, nos seguintes termos.



**“2. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo, al menos, los siguientes sujetos:**

a) Las personas jurídicas.

b) Las entidades sin personalidad jurídica.

c) Quienes ejerzan una actividad profesional para la que se requiera colegiación obligatoria, para los trámites y actuaciones que realicen con las Administraciones Públicas en ejercicio de dicha actividad profesional. En todo caso, dentro de este colectivo se entenderán incluidos los notarios y registradores de la propiedad y mercantiles.

d) Quienes representen a un interesado que esté obrigado a relacionarse electrónicamente con la Administración.

e) Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en que se determine reglamentariamente por cada Administración.”

Sen prexuízo de que, regulamentariamente, as Administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Todo elo sen prexuízo de que, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade e para garantir as relacións interadministrativas electrónicas, aqueles colectivos obrigados a relacionarse coas Administracións Electronicamente segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015 poderán utilizar as oficinas de rexistro xeral para presentar documentación, en soporte dixital que reúna as condicións tecnolóxicas necesarias para ser incorporado ao sistema de información que dá soporte ao Rexistro do Concello de Vigo, única e exclusivamente naqueles supostos nos que non poida ser presentada no Rexistro Electrónico Xeral, atendendo a razóns de formato ou tamaño (na actualidade a sede permite arquivos de texto en formato TXT, RTF ou PDF, de imaxe en JPG e planos en DXF, co tamaño máximo por arquivo anexado que se indica na mesma.

Polo exposto, e sen prexuízo do establecido na Disposición final sétima da Lei 39/2015, parece necesario, na aplicación do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, ditar Instrución de servizo, para lembrar ao persoal adscrito ao Rexistro do Concello de Vigo, dependente da Secretaría de Goberno Local, así como ao conxunto das persoas ao servizo do mesmo, a necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 14 da citada norma, remitindo aos suxeitos recollidos no seu apartado 2, á sede electrónica para a utilización da canle electrónica de Rexistro:





## Concello de Vigo

Secretaría Goberno Local

Expte. 531/1102

**Primeiro.-** Aprobar a “Instrución 1/2019 da Secretaría de Goberno Local: Funcionamento do Rexistro Electrónico”, conforme ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Rexistro xeral, para o se coñecemento e aplicación.

**Terceiro.-** Notificar individualmente a todos os xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal e na Sede Electrónica municipal para asegurar o xeral coñecemento do mesmo polo conxunto da organización municipal.

**Cuarto.-** Publicar a presente Instrución no Portal de Transparencia, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL-F. JAVIER PARDO ESPIÑEIRA





**Concello de Vigo**  
Secretaría Goberno Local  
Expte. 531/1102

## INSTRUCCIÓN 1/2019. SECRETARÍA GOBERNO LOCAL FUNCIONAMENTO DO REXISTRO

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle un novo modelo de funcionamento das administracións públicas, funcionamento que muda ao formato electrónico, e que contempla as relacións electrónicas dos cidadáns coas administracións como un dereito-deber nos termos establecidos no seu artigo 14.

Conforme a dito precepto, no seu apartado 1 contéplase o dereito das persoas físicas a ditas relacións electrónicas:

*1. Las personas físicas podrán elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas. El medio elegido por la persona para comunicarse con las Administraciones Públicas podrá ser modificado por aquella en cualquier momento.*

Que se completa co deber recollido, para un determinado conxunto de suxeitos en atención á súa configuración, relacionarse coa administración exclusivamente por vía electrónica, nos seguintes termos.

***“2. En todo caso, estarán obligados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo, al menos, los siguientes sujetos:***

*a) Las personas jurídicas.*

*b) Las entidades sin personalidad jurídica.*

*c) Quienes ejerzan una actividad profesional para la que se requiera colegiación obligatoria, para los trámites y actuaciones que realicen con las Administraciones Públicas en ejercicio de dicha actividad profesional. En todo caso, dentro de este colectivo se entenderán incluidos los notarios y registradores de la propiedad y mercantiles.*

*d) Quienes representen a un interesado que esté obligado a relacionarse electrónicamente con la Administración.*

*e) Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en que se determine reglamentariamente por cada Administración.*



Sen prexuízo de que, regulamentariamente, as Administracións poderán establecer a obriga de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

**Polo exposto, e sen prexuízo do establecido na Disposición Final Sétima da LPAC lémbrese ao persoal adscrito ao Rexistro do Concello de Vigo, dependente da Secretaría de Goberno Local, así como ao conxunto das persoas ao servizo do mesmo, a necesidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 14 da citada norma, remitindo os suxeitos recollidos no seu apartado 2, á sede electrónica para a utilización, en exclusiva, da canle electrónica de Rexistro.**

Todo elo sen prexuízo de que, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade e para garantir as relacións interadministrativas electrónicas, aqueles colectivos obrigados a relacionarse coas Administracións Electronicamente segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015 poderán utilizar as oficinas de rexistro xeral para presentar documentación, en soporte dixital que reúna as condicións tecnolóxicas necesarias para ser incorporado ao sistema de información que dá soporte ao Rexistro do Concello de Vigo, única e exclusivamente naqueles supostos nos que non poida ser presentada no Rexistro Electrónico Xeral, atendendo a razóns de formato ou tamaño (na actualidade a sede permite arquivos de texto en formato TXT, RTF ou PDF, de imaxe en JPG e planos en DXF, co tamaño máximo por arquivo anexado que se indica na mesma.

CCA/rs

rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.

O CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL-F. JAVIER PARDO ESPIÑEIRA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2019 11:58

Páxina 2 de 2

Expediente 531/1102

CSV: 21EA51-8A5959-C1B98E-9BTQD5-EX8UZM-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>